

1931

A II República e a proclamación do Sufraxio Universal

O 14 de abril de 1931, logo de coñecerse os resultados das eleccións municipais celebradas dous días antes, Afonso XIII decidiu abandonar España e un goberno provisional presidido por Alcalá Zamora proclamou a II República.

Entre as primeiras medidas levadas a cabo por este novo goberno estivo presente a cuestión do recoñecemento do dereito ao sufraxio pasivo feminino.

8 de maio de 1931, emítese un decreto no que se concedía o voto a todos os homes maiores de 23 anos e se declaraban elixíbeis a clérigos e mulleres. Porén, aprazárase até os debates sobre o articulado da nova Constitución a posibilidade de que as mulleres puidesen expresar a súa vontade política a través das urnas, feito que sería obxecto dunha grande expectación social.

Finais de setembro de 1931, inaugúranse os debates do artigo 36, que establecía: “os cidadáns dun e doutro sexo terán os mesmos

dereitos electorais conforme determinen as leis”. Na quenda da votación deste artigo só se atopaban presentes 26 dos 47 deputados representantes de Galiza e deles 16 votaron a favor e 10 en contra. En todo o Estado o resultado foi de 161 votos afirmativos e 121 negativos, polo que finalmente e logo de térense desbotado as emendas presentadas, ficou ratificado o dereito ao sufraxio activo e pasivo feminino.

Arredor dalgúns partidos, sindicatos e outros colectivos existentes na II República creáronse agrupacións de mulleres e agrupacións mixtas. Así mesmo, algunhas delas tiveron presenza nas publicacións vinculadas a estes colectivos, como foi o caso do voceiro do Partido Galeguista: *A Nosa Terra*, no que se difundiron dous manifestos de mulleres vinculadas ao PG de Ourense e ás súas *Mocedades* ve en 1933 xurdiu unha sección titulada *O Recanto da Muller*.



Mulleres das organizacións obreiras no 1º de maio de Pontevedra de 1936. Colección privada